

## 1º BAC - CIENCIAS

En 1º de Bacharelato de Ciencias tedes 7 materias troncais obrigatorias e a opción de elixir a primeira lingua estranxeira entre:

- Inglés
- Francés
- Portugués
  
- ✓ Tendo en conta que son materias de continuidade e deberedes ter coñecementos previos da ESO para poder cursalas satisfactoriamente.
- ✓ No caso de portugués considérase ter coñecementos previos ter cursado Lingua e Literatura Galega no ano anterior.

Ademais deberedes elixir unha de entre:

OPCIÓN A:

### ❖ DEBUXO TÉCNICO I

- Descrición da materia:

Comunicarse graficamente con obxectividade nun mundo complexo. Medio de comunicación en calquera proceso de investigación e proxecto, interpretación de documentación gráfica elaborada acordo a norma nos sistemas de representación convencionais. Comprender a complexa información gráfica que nos rodea.

- Contidos:
  - Xeometría e debuxo técnico
  - Sistemas de representación
  - Normalización
  
- Metodoloxía:
  - Transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos
  - Análise e representación da realidade
  - Metodoloxía fundamentalmente práctica


OPCIÓN B:

### ❖ BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

- Descrición da materia:

A materia de Bioloxía e Xeoloxía afonda nas competencias adquiridas en ESO, analizando con maior detalle a organización dos seres vivos, a súa biodiversidade, a súa distribución e os factores que nela inflúen, así como o comportamento da Terra como un planeta en continua actividade.

- Contidos:
  - “Os seres vivos: composición e función”



- “A organización celular”
  - “Histoloxía”
  - “A biodiversidade”
  - “As plantas: funcións e adaptacións ao medio”
  - “Os animais: funcións e adaptacións ao medio”
  - “Estrutura e composición da terra”
  - “Os procesos xeolóxicos e petroxenéticos”
  - “Historia da terra”
- Metodoloxía:
    - Carácter eminentemente práctico

A CONTINUACIÓN TEDES DOUS ITINERARIOS PARA ELIXIR 6 HORAS LECTIVAS DE OPTATIVAS:

### ITINERARIO 1: (RECOMENDADO)

Deberedes elixir unha materia de 3 horas de entre as seguintes:

#### ❖ TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I (recomendada coa opción A)


- Descrición da materia:

Conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, a tecnoloxía achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediateza que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

- Contidos:
  - “Produtos tecnolóxicos: deseño, produción e comercialización”
  - “Maquinas e sistemas”
  - “Materiais e procedementos de fabricación”
  - “Recursos enerxéticos”

- Metodoloxía:

O ensino desta materia require que se traballe en equipo, para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de produtos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións ou a planificar a realización de actividades de deseño e de montaxe, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as tecnoloxías da información e da comunicación son ferramentas imprescindibles para a procura de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación ou a publicación de resultados



## ❖ ANATOMÍA APLICADA (recomendada coa opción B)

### • Descrición da materia:

Coñecementos científicos que permitan comprender o corpo humano e a motricidade humana en relación coas manifestacións artísticas corporais e coa saúde.

### • Contidos:

- "As características do movemento"
- "Organización básica do corpo humano"
- "O sistema locomotor"
- "O sistema cardiopulmonar"
- "O sistema de achega e utilización da enerxía"
- "Os sistemas de coordinación e de regulación"
- "Expresión e comunicación corporal"
- "Elementos comúns".

### • Metodoloxía:

- Mestura de teoría e práctica

## ❖ LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

### • Descrición da materia:

Permite aplicar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición da cultura musical. Comprensión y creación musical, la música como medio de expresión y comunicación.

### • Contidos:

- Destrezas musicais
- A audición comprensiva
- A teoría musical
- A creación e a interpretación
- As tecnoloxías aplicadas ao son
- 


### • Metodoloxía:

- Participación activa
- Creación musical
- Utilización de TICs

## ❖ ANÁLISE MUSICAL I

### • Descrición da materia:

Comprender a música en tódalas súas dimensións e poder desfrutar de ela en profundidade. Afondar nas características das obras musicais a través do coñecemento dos elementos e procedementos básicos da música. Comprensión dos elementos que constitúen a forma musical, a súa evolución e a maneira en que foron buscada historicamente.



- Contidos:
  - Iniciación aos elementos analíticos
  - A forma musical
  - As formas históricas
  
- Metodoloxía:
  - escoita
  - Recoñecemento de fragmentos
  - Potenciando a creatividade, comprensión e disfrute
  - Mellorar o oído, a atención, a concentración, a memoria, a curiosidade e a capacidade de relacionar o coñecemento musical

Deberedes tamén elixir unha materia de 2 horas de entre as seguintes, e se vos pide que numeredes 3 por orde de preferencia (por se non hai o número mínimo de alumnado)

#### ❖ TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I

- Descrición da materia:

As tecnoloxías da información e da comunicación desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as nosas necesidades. Esta materia aportará ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios do ámbito tecnolóxico

- Contidos:
  - A sociedade da información e o ordenador
  - Arquitectura de ordenadores
  - Software para sistemas informáticos
  - Redes de ordenadores
  - Programación


- Metodoloxía:

- Actividades prácticas para o desenvolvemento de destrezas técnicas
- Exposición de traballos
- Resolución colaborativa de problemas
- Utilización de recursos virtuais

#### ❖ ROBÓTICA

- Descrición da materia:

A tecnoloxía aporta ao currículo a capacidade de analizar e rediseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan estas ensinanzas dunha gran relevancia educativa. Na resolución de problemas tecnolóxicos conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento da tecnoloxía proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de



construír unha sociedade sustentable, formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece ao seu arredor.

- Contidos:
  - “A robótica”
  - “Programación e control”
  - “Proxectos de robótica”

- Metodoloxía:

A ensinanza desta materia require que se traballe en equipo, para resolver problemas tecnolóxicos que permitan explorar o deseño, a produción, a avaliación ou a mellora de sistemas robóticos relevantes desde o punto de vista tecnolóxico e social. Trátase de aprender a identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, a realizar cálculos e estimacións ou a planificar a realización de actividades de deseño e de montaxe, contextos de aprendizaxe nos que son importantes a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade, e nos que as TIC son ferramentas imprescindibles para a programación dos sistemas, pero tamén para a busca de información, para a elaboración de documentos ou de planos, para a realización de simulacións e de cálculos técnicos e económicos, e para a presentación e publicación de resultados.

#### ❖ CULTURA CIENTÍFICA

- Descrición da materia:

Trátase de que os cidadáns e as cidadás sexan competentes para tomar decisións baseadas no coñecemento científico, nun marco democrático de participación cidadá, desenvolvendo deste xeito a competencia social e cívica.

Un dos aspectos básicos da competencia científica é a capacidade de utilizar probas e argumentar en relación a cuestións de carácter científico, e tomar decisións baseadas en probas.

- Contidos:
  - “Procedementos de traballo”
  - “A terra e a vida”
  - “Avances e biomedicina”
  - “A revolución xenética”
  - “Tecnoloxías de información e comunicación”
  -
- Metodoloxía:


Unha metodoloxía que enfrente o alumnado ao reto de utilizar probas e argumentar nun contexto real e mediante o diálogo entre iguais. O traballo cooperativo e colaborativo, a formulación de tarefas en contextos reais e o traballo experimental deben, xa que logo, formar parte do desenvolvemento curricular na aula.

#### ❖ ANTROPOLOXÍA

- Descrición da materia:

A antropoloxía como estudo da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida.

- Contidos:



- A antropoloxía como saber
- Antropoloxía física: hominización e humanización
- Antropoloxía cultural
- Antropoloxía social
- Antropoloxía filosófica

- Metodoloxía:

- Desenvolvemento de habilidades prácticas
- Indagación
- Utilización de recursos tecnolóxicos

- ❖ COEDUCACIÓN

- Descrición da materia:

Materia que contribúe á inclusión da igualdade de xénero e a prevención da violencia machista, abordando o concepto de coeducación en toda a súa diversidade e en conexión directa coa realidade. Ferramenta de comprensión da desigualdade por razón de xénero coa que analizar a evolución histórica e a situación actual.

- Contidos:
  - Historia dos feminismos. Do patriarcado á reivindicación do principio de igualdade
  - Feminidades e masculinidades. A construción de identidades igualitarias
  - Expresión social da violencia contra as mulleres
  - Proxecto coeducativo

- Metodoloxía:

- Estratexias comunicativas
- Metodoloxía activa e significativa
- Proxectos

- ❖ LITERATURAS HISPÁNICAS

- Descrición da materia:


A lectura de fragmentos ou obras completas representativas das literaturas hispánicas. Abordar a lectura crítica de obras da literatura tanto española como hispanoamericana, a análise e a interpretación dos seus textos e dos autores e autoras máis salientables.

- Contidos:
  - Literaturas hispánicas. Temas e formas
  - Procesos e estratexias

- Metodoloxía:

- Lectura
- Relacionar contidos

- ❖ 2º LENGUA ESTRANXEIRA A ELIXIR ENTRE:



- FRANCÉS I
- PORTUGUÉS I

Tamén teredes que elixir unha de entre as seguintes, numerando 3 de elas por orde de preferencia, por se non se formase grupo en algunha materia.

- ❖ REFORZO EN:
  - MATEMÁTICAS
  - PORTUGUÉS
  - TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I
  
- ❖ FILOSOFÍA DAS RELIXIÓNS
  
- ❖ RELIXIÓN CATÓLICA

Estariades elixindo desta forma un total de 6 horas.

### **ITINERARIO 2:**

Tedes a opción de formar estas 6 horas elixindo 3 materias de 2 horas de entre as seguintes:

- ❖ TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I
- ❖ ROBÓTICA
- ❖ CULTURA CIENTÍFICA
- ❖ COEDUCACIÓN
- ❖ ANTROPOLOXÍA
- ❖ LITERATURAS HISPÁNICAS
- ❖ FRANCÉS I
- ❖ PORTUGUÉS I